



BOP

MIÉRCOLES, 15 DE FEBRERO DE 2017

Nº 038

DIPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.org

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE CULTURA, PATRIMONIO HISTÓRICO ARTÍSTICO E ARTESANÍA E DESEÑO

Anuncio

PROGRAMA MUSIQUEANDO POLA PROVINCIA DE LUGO, ANUALIDADE 2017

A Área de Cultura ten entre as súas competencias as de contribuír á difusión da música tradicional na vertente de música de banda, música coral e música tradicional das entidades pertencentes á provincia de Lugo e ao mesmo tempo a de potenciar as festas patronais e de marcado carácter popular que se levan a cabo na provincia de Lugo.

Ao tratarse de actividades de natureza artística, organizados por promotores alleos á Deputación de Lugo, considérase que non resulta conveniente establecer un procedemento de concorrencia competitiva para a selección dos beneficiarios, ante a dificultade de obxectivar os criterios de selección. Por tal motivo, e ao abeiro no disposto no artigo 22.2 c) da lei xeral de subvencións, establécese un procedemento de concorrencia pública, pero de carácter non competitivo, no que se seleccionarán aos beneficiarios do programa.

No Programa "Musiqueando" poderán participar (previa solicitude de inclusión dentro dos grupos participantes no programa) as agrupacións das seguintes categorías, que teñan residencia na provincia de Lugo, que estean legalmente constituídas, e que cumpran todos os requisitos que figuran nestas bases:

- Bandas de música
- Grupos corais
- Grupos de música tradicional.
- **Non poderán participar** grupos infantís, cuxos compoñentes sexan menores de 13 anos. Se nalgún dos grupos existen membros menores de idade, o grupo deberá contar coa autorización paterna/materna correspondente.
- **Do mesmo xeito, en caso de existir integrantes menores de idade deberase asinar unha certificación pola que se fará cargo da súa seguridade e demais responsabilidades derivadas**, a persoa responsable do grupo de música, banda ou coral participante neste Programa.

Este Programa vai dirixido tanto aos Concellos da provincia, os cales poderán solicitar actuacións para acollerse a este programa. De igual xeito, poderán solicitar actuacións aquelas entidades sen ánimo de lucro da provincia, que estean xuridicamente constituídas, e que teñan entre as súas finalidades a promoción da cultura, do mesmo xeito que as comisións de festas que se encarguen de organizar as festas patronais no ámbito xeográfico da provincia de Lugo.

Os cachés das actuacións serán os seguintes:

Bandas de música:

Bandas de menos de 15 integrantes : 750 euros.

Bandas entre 15 e 24 integrantes: 1100 euros

Bandas entre 25 e 39 integrantes: 1.500 euros

Bandas entre 40 e 50 integrantes: 2.000 euros

Bandas de máis de 50 integrantes :2.500 euros

Grupos de música tradicional:

Grupos de música tradicional con menos de 10 integrantes: 500 euros

Grupos de musica tradicional entre 10 y 20 integrantes: 750 euros

Grupos de música tradicional con máis de 20 integrantes: 900 euros.

Corais:

Corais hasta 20 integrantes: 600 euros

Corais con máis de 20 integrantes: 800 euros

A Área de Cultura establece que, tendo en conta os cachés de actuacións, que os solicitantes (os concellos, as asociacións legalmente constituídas e as comisións de festas) deberán contribuir ao pago do 20% do custo de cada unha das actuacións solicitadas e concedidas, o que representa:

BANDAS DE MÚSICA:
• 150 euros no pago das actuacións de bandas de música con menos de 15 integrantes.
• 220 euros no pago das actuacións de bandas de música entre 15 e 24 integrantes.
• 300 euros no pago das actuacións de bandas de música entre 25 e 39 integrantes.
• 400 euros no pago das actuacións de bandas de música entre 40 e 50 integrantes.
• 500 euros no pago das actuacións de bandas de música con máis de 50 integrantes..
GRUPOS DE MÚSICA TRADICIONAL:
• 100 euros no pago das actuacións de grupos de música tradicional con menos de 10 integrantes.
• 150 euros no pago das actuacións de grupos de música tradicional entre 10 e 20 integrantes.
• 180 euros no pago das actuacións de grupos de música tradicional con máis de 20 integrantes.
CORAIS:
• 120 euros no pago das actuacións de corais hasta 20 integrantes.
• 160 euros no pago das actuacións de corais con máis de 20 integrantes.

O resto do caché, é dicir, o 80% do custo das actuacións correrá a cargo da Deputación de Lugo (Área de Cultura). Neste senso, os grupos actuantes deberán facturar á Deputación de Lugo, o 80% do custo da actividade musical; é dicir:

BANDAS DE MÚSICA:
• 600 euros no pago das actuacións de bandas de música con menos de 15 integrantes.
• 880 euros no pago das actuacións de bandas de música entre 15 e 24 integrantes
• 1200 euros no pago das actuacións de bandas de música entre 25 e 39 integrantes
• 1600 euros no pago das actuacións de bandas de música entre 40 e 50 integrantes.
• 2.000 euros no pago das actuacións de bandas de música con máis de 50 integrantes.

GRUPOS DE MÚSICA TRADICIONAL:
• 400 euros no pago das actuacións de grupos de música tradicional con menos de 10 integrantes.
• 600 euros no pago das actuacións de grupos de música tradicional entre 10 e 20 integrantes.
• 720 euros no pago das actuacións de grupos de música tradicional con máis de 20 integrantes.

CORAIS:
• 480 euros no pago das actuacións de corais hasta 20 integrantes.
• 640 euros no pago das actuacións de corais con máis de 20 integrantes.

OBRIGAS E COMPROMISOS:

Polo que se refire aos concellos e as demais entidades solicitantes das actuacións deberán aceptar as condicións deste programa, quedando obrigados a:

- a) Aboar a parte correspondente do caché do grupo que actúe (20% do custo total da actuación concedida). A Deputación reservarase o dereito de requirir, se é o caso, a presentación dos documentos que xustifiquen o pagamento da porcentaxe correspondente que lles deben efectuar os Concellos e as asociacións solicitantes aos grupos actuantes (coros, bandas e grupos de música tradicional) pola realización das súas actuacións.
- b) Organizar as actuacións velando polo seu correcto desenvolvemento.
- c) Utilizar o idioma galego nos carteis anunciadores e en toda a propaganda que se faga do evento.
- d) Expedir documentos acreditativos da realización das actuacións concedidas: declaración, certificación ou calquera outro no que se acredite a realización da actuación.

- e) Facer publicidade e distribuír- se é o caso- os carteis anunciadores de que a actuación pertence ao Programa “*Musiqueando pola Provincia de Lugo*” onde aparecerá o logo da Deputación Provincial de Lugo (Área de Cultura). Esta poderá, se o considera necesario, solicitar a xustificación de dita publicidade.
- f) Non se poderá facer ningunha modificación na actuación (data/hora ou grupo asignado) sen autorización expresa da Deputación, polo que se xurde calquera tipo de inconvinte deberán poñerse en contacto coa Área de Cultura:
teléfono: 982- 260 260.
fax: 982- 260 269.
e-mail: secretaria cultura @deputacionlugo.org
- g) Se algún dos solicitantes de anos anteriores non ten satisfeito a súa parte aos grupos participantes no programa, a Deputación reservarase o dereito de concesión da actuación.
- h) En ningún caso os beneficiarios das actuacións elixen ao Grupo de Música.

De igual xeito, a Deputación de Lugo comprométese a:

- * A aboar a porcentaxe do 80% da actuación ao grupo ou grupos participantes neste programa e, en todo caso, sempre que se acredite a realización da actuación, aínda no caso que houbera algún incumprimento de carácter formal por parte da entidade solicitante da actuación.
- * Solucionar canto inconvinte puidera xurdir para o desenvolvemento do programa.
- * Decidir e distribuír o cronograma espacial e temporal das solicitudes.
- * Cantas outras situacións se deriven do contido estrito deste Programa.

Polo que aos grupos participantes no Programa “Musiqueando”, as súas obrigas para acollerse a este Programa de difusión da música tradicional na vertente de música de banda, música coral e música tradicional son:

- a) Realizar as actuacións nos lugares, días e horas asinados pola Deputación de Lugo.
- b) Expedir as facturas legais correspondentes ás actuacións realizadas, con cargo á Deputación, o (80% do custo total de cada actuación), e con cargo ao Concello ou Entidade solicitante o 20% restante.
- c) Deberán poñerse en contacto coa Área de Cultura se xurde calquera tipo de inconvinte que non permita levar a cabo a actuación.
- d) Utilizar o idioma galego nas presentacións das actuacións.
- e) As actuacións terán unha duración máxima dunha hora (1,30 hora), podendo levarse a cabo nun único pase ou pola contra en dous pases de 45 minutos cada un.
- f) Os grupos terán que contar co seguro pertinente para a realización das actuacións, e para eses efectos deberán cubrir o modelo de declaración xurada recollido nas bases. A Deputación queda exenta de calquera responsabilidade derivada deste programa, incluídas as derivadas das situacións que se poidan producir non só durante a propia actuación, senón tamén durante o desprazamento -previo e posterior ás actuacións- por parte dos grupos participantes neste programa.
- g) Non poderán participar grupos infantís, cuxos compoñentes sexan menores de 13 anos. Se en algún dos grupos existisen membros menores de idade asinarase o documento polo que se fai cargo da súa seguridade a persoa responsable do grupo de música.
- h) Non se poderá facer ningunha modificación na actuación sen autorización expresa da Deputación, polo que se xurde calquera tipo de inconvinte deberán poñerse en contacto coa Área de Cultura (Tlf: 982. 260 260)

MODELOS DE SOLICITUDES PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA MUSIQUEANDO E PRAZOS DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

A) Concellos e entidades solicitantes das actuacións:

- Solicitud debidamente cumprimentada no modelo normalizado que acompaña estas bases. (Anexo I). Na solicitude deberá figurar obrigatoriamente un enderezo de correo electrónico no que se comunicará a concesión da actuación, así como todos os datos do grupo de música concedido. Calquera comunicación entre a Deputación e os solicitantes do Programa Musiqueando farase prioritariamente por correo electrónico.

- As solicitudes presentadas e rexistradas despois da data indicada nas bases serán desestimadas ao atoparse fóra do prazo de solicitude establecido.
- Compromiso (por escrito) de facer fronte ás obrigas económicas derivadas deste programa (20% do custo da actuación (Anexo II)
- Aceptación da actuación solicitada (Anexo III), ou ben a súa renuncia a mesma (Anexo IV).
 - Unha vez comunicada a concesión da actuación, por parte da Deputación, os beneficiarios terán un prazo de 15 días para enviar á Deputación a aceptación da actuación (Anexo III) ou a renuncia a dita actuación (Anexo IV). O prazo contará a partir do momento en que se reciba o correo electrónico de concesión de actuación, podendo remitirse ditos Anexos por correo electrónico, a:
 - secretariacultura@deputacionlugo.org, ou ben por fax, ao número: 982- 260 269.
 - Transcurrido este prazo, non se poderá renunciar á realización da actuación concedida se non é por causa moi xustificada.
- Orzamento estimado de ingresos e gastos da festividade que se vai celebrar (Anexo VI).
- **Con posterioridade á actuación** deberán facer chegar o Servizo de Cultura o Anexo V (Certificación de actuación a cubrir polo beneficiario da actuación).
 - Unha vez rematada á actuación, os Concellos e entidades solicitantes deberán facer chegar ao Servizo de Cultura da Deputación de Lugo o Anexo V (certificado de actuación a cubrir polo beneficiario da actuación) **no prazo de 15 días desde a celebración da actividade**. Este documento poderá enviarse por mail a: secretariacultura@deputacionlugo.org, por fax ao seguinte número: 982- 260 269, ou ben por correo postal ao seguinte enderezo:
 - Área de Cultura, Patrimonio Histórico- Artístico e Artesanía e Deseño (CULTURA)
 - Programa Musiqueando pola Provincia, 2017
 - Diputación Provincial de Lugo
 - Rúa San Marcos, 8
 - 27001- LUGO.

NOTA.-: Para calquera aclaración ou dúbida, pódense poñer en contacto co Servizo de Cultura no seguinte teléfono:

- 982- 260 260 (Lourdes)

B) Grupos de música tradicional, Corais e Bandas:

As agrupacións que desexen participar nesta convocatoria deberán presentar a súa solicitude no modelo normalizado que se proporcionará na Área de Cultura e que deberá presentarse por Rexistro, na Deputación de Lugo, (Anexo VII), acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada da tarxeta do CIF da entidade.
- Fotocopia compulsada da tarxeta do NIF do representante
- Certificado dos datos bancarios
- Documentación técnica (número de membros, ficha técnica das obras, condicións mínimas de actuacións).
- *Declaracións xuradas de que o grupo/ banda ou coral conta:*
 - Cos seguros pertinentes para a realización das actuacións do Programa Musiqueando 2017. A Deputación queda exenta de calquera responsabilidade derivada deste programa, incluídas as derivadas das situacións que se poidan producir non só durante a propia actuación, senón tamén do desprazamento previo e posterior ás actuacións por parte dos grupos participantes neste programa. (Anexo VIII)
 - Declaración de non ter no seu elenco menores de idade, ou en caso de telos, conforme actúan baixo a responsabilidade do responsable do grupo/ banda ou coral. (Anexo VIII).
 - Relación de datos necesarios dos grupos participantes (de música tradicional, bandas ou corais, con especial incidencia no número de integrantes dos grupos participantes que, de acordo coas bases son- a todos os efectos- responsabilidade dos grupos participantes a falsidade ou a ocultación destes datos. (Anexo VII)

- Compromiso de aceptación das condicións de financiación do Programa (Anexo IX).
 - Aceptación da actuación solicitada (Anexo X), ou ben a súa renuncia a mesma (Anexo XI).
 - Unha vez comunicada a concesión da actuación, por parte da Deputación, os beneficiarios terán un prazo de 15 días para enviar á Deputación a aceptación da actuación (Anexo X) ou a renuncia a mesma (Anexo XI). O prazo contará a partir do momento en que se reciba o correo electrónico de concesión de actuación, podendo remitirse ditos Anexos por correo electrónico, a:
 - secretariacultura@deputacionlugo.org, ou ben por fax, ao número: 982- 260 269.
 - Transcurrido este prazo, non se poderá renunciar á realización da actuación concedida se non é por causa moi xustificada.
 - Expedir as facturas legais correspondentes ás actuacións realizadas, con cargo á Deputación, o (80% do custo total de cada actuación), e con cargo ao Concello ou Entidade solicitante o 20% restante.
- NOTA.-: Para calquera aclaración ou dúbida, pódense poñer en contacto co Servizo de Cultura no seguinte teléfono:

- 982- 260 260 (Lourdes)

LUGAR E PRAZOS DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A) Concellos e entidades solicitantes

Os concellos e as entidades da provincia que desexen solicitar actuacións dentro deste programa deberán presentar as súas solicitudes até o **día 31 de marzo de 2017** en calquera dos rexistros autorizados a este efecto pola lexislación vixente.

B) Grupos de música tradicional, bandas e Corais

As agrupacións que desexen participar nesta convocatoria deberán presentar a súa solicitude até o **día 16 de marzo de 2017**, en calquera dos rexistros autorizados a este efecto pola lexislación vixente.

_Todas aquelas solicitudes que sexan presentadas e rexistradas despois destas datas, serán desestimadas ao atoparse fóra de prazo.

Lugo, 10 de febreiro de 2017.- O Presidente, Darío Campos Conde, O Secretario Xeral, Manuel Castiñeira Castiñeira



DEPUTACIÓN DE LUGO **ANEXO I**

**INSTANCIA DE SOLICITUDE PARA ACTUACIÓN DENTRO DO
PROGRAMA MUSIQUEANDO 2017**

D./D^a _____, con
DNI n^o _____ e domicilio para os efectos de notificación en

_____, con teléfonos de contacto(fixo) _____, (móbil)_____.

E-mail: _____, na miña condición de

- Interesado/a
 Representante

EXPOÑO:

Que _____

_____ polo que

SOLICITO (Facer constar a hora, o día da actuación solicitada e se a actuación se fará nun ou en dous pases - de acordo coas bases da convocatoria-):

Non se poden modificar a data, hora, lugar de actuación ou o grupo asignado sen a autorización expresa do Servizo de Cultura.

(Indicar a preferencia)

- Agrupación de Música Coral
 Grupo de Música Tradicional
 Banda de Música

En _____, a _____ de _____ 20_____.

(Sinatura).



DEPUTACIÓN DE LUGO

ANEXO II

COMPROMISO DE ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓN S DE FINANCIACIÓN DO PROGRAMA MUSIQUEANDO 2017

D./D^a _____
DNI nº _____, con domicilio para os efectos de notificación en _____ no
Concello de _____ e teléfono de contacto _____ e correo electrónico _____,
na condición de representante (nome da Asociación/Concello) _____.

FAGO CONSTAR:

Que se a actuación solicitada é concedida desde a Área de Cultura da Deputación de Lugo á Asociación/ Concello que represento faremos fronte ás obrigas económicas derivadas deste programa (**asumir o 20% do custo total da actuación concedida**).

A Deputación reservarase o dereito de requirir, se é o caso, a presentación dos documentos que xustifiquen o pagamento da porcentaxe correspondente que lles deben efectuar os Concellos e as asociacións solicitantes aos grupos actuantes (coros, bandas e grupos de música tradicional) pola realización das súas actuacións.

E para que así conste, asino en _____ a _____ de 20 _____.

Asdo:

(Sinatura)



DEPUTACIÓN DE LUGO

ANEXO III

ACEPTACIÓN DE ACTUACIÓN CONCEDIDA DENTRO DO PROGRAMA MUSIQUEANDO 2017

Don/ Dona, con D.N.I:, como Secretario do concello de

Don/ Dona, con D.N.I:, como Secretario da Asociación de

ACEPTO:

A **CONCESIÓN** do grupo de música tradicional, a coral ou a banda de Música (táchese o que non proceda) adxudicada pola Área de Cultura da Deputación de Lugo para o día do mes de de 2017 ás horas, na localidade de, pertencente o concello de....., dentro do *Programa Musiqueando pola Provincia de Lugo 2017*.

En, a de de 20.....

(Sinatura)



DEPUTACIÓN DE LUGO

ANEXO IV

RENUNCIA Á ACTUACIÓN CONCEDIDA DENTRO DO PROGRAMA MUSIQUEANDO 2017

Don/ Dona , con D.N.I: , como Secretario do concello de

Don/ Dona , con D.N.I: , como Secretario da Asociación de

RENUNCIO:

A **CONCESIÓN** do grupo de música tradicional, a coral ou a banda de Música (táchese o que non proceda) adxudicada pola Área de Cultura da Deputación de Lugo para o día do mes de de 2017 ás horas, na localidade de , pertencente o concello de....., dentro do *Programa Musiqueando pola Provincia de Lugo 2017*.

En, a de de 20.....

(Sinatura)



DEPUTACIÓN DE LUGO

ANEXO VCERTIFICADO DE ACTUACIÓN A CUBRIR POLO BENEFICIARIO DA ACTUACIÓN

Don/ Dona, con D.N.I:, como Secretario do concello de

Don/ Dona, con D.N.I:, como Secretario da Asociación de

CERTIFICO/ DECLARO:

1. Que o grupo de música tradicional, a coral ou a banda de Música (táchese o que non proceda) desenvolveu de maneira satisfactoria a súa actuación dentro do Programa Musiqueando 2017 o día do mes dede 2017 ás horas, na localidade de, pertencente o concello de.....

En, ade de 20.....

(Sinatura)



DEPUTACIÓN DE LUGO

PROGRAMA MUSIQUEANDO 2017

ANEXO VI

ORZAMENTO DE INGRESOS E GASTOS PARA A CELEBRACIÓN DA ACTUACIÓN

INGRESOS	GASTOS
1.	1.-
2.-	2.-
3.-	3.-
TOTAL INGRESOS :	TOTAL GASTOS:

En a de de 201_.

(Sinatura):

Don/dona -----



DEPUTACIÓN DE LUGO ANEXO VII

SOLICITUDE DATOS DE GRUPOS PARTICIPANTES NO PROGRAMA

MUSIQUEANDO 2017

FICHA PARA CUMPLIMENTAR E REENVIAR Á ÁREA DE CULTURA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL:

ESPECIALIDADE:	
<input type="checkbox"/> BANDA DE MÚSICA <input type="checkbox"/> AGRUPACIÓN CORAL <input type="checkbox"/> MÚSICA TRADICIONAL	
CONCELLO:	
NOME DA AGRUPACIÓN MUSICAL:	
NOME DO PRESIDENTE/PRESIDENTA DA AGRUPACIÓN:	
PERSOA DE CONTACTO:	
ENDEREZO:	
CP:	
TELÉFONO 1:	TELÉFONO 2:
CORREO ELECTRÓNICO:	
CIF DA AGRUPACIÓN:	NIF DO REPRESENTANTE:
NÚMERO DE COMPOÑENTES:	
ANO DE FUNDACIÓN:	
DÍAS DA SEMANA DISPOÑIBLES PARA TOCAR:	
NÚMERO DE CONTA:	
ENTIDADE BANCARIA:	
OBSERVACIÓNS:	

En a..... de de 20

(Sinatura)

**DEPUTACIÓN DE LUGO****ANEXO VIII****DECLARACIÓN XURADA**

Don/ dona, como presidente/a do grupo/ da banda de/ou da coral de (táchese o que non proceda)....., con DNI, declara que o seu grupo/banda ou coral de nome: conta cos seguros pertinentes para a realización das actuacións do Programa Musiqueando 2017.

Declaro, como presidente/a do grupo/ banda ou coral : (nome)....., que no elenco do noso grupo musical non temos menores de idade.

Declaro, como presidente/a do grupo/ banda ou coral:, que no noso grupo musical temos menores de idade, que actúan baixo a miña responsabilidade para todos os efectos.

Declaro como presidente/a do grupo/ banda ou coral:, que o noso grupo/banda ou coral está integrado por un total de (número exacto de integrantes):, que actúan baixo a miña responsabilidade para todos os efectos.

En..... a de de 20.....

O PRESIDENTE/A

(Sinatura)



DEPUTACIÓN DE LUGO

ANEXO IX

COMPROMISO DE ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓN S DE FINANCIACIÓN DO PROGRAMA

Don/ dona, como presidente/a do grupo/ da banda de/ou da coral de (táchese o que non proceda)....., con DNI, declara que o seu grupo/banda ou coral de nome:

ACEPTO:

As condicións económicas do Programa Musiqueando 2017, onde o 80% do custo da actuación correrá a cargo da Deputación de Lugo e o 20% restan a cargo do Concello ou Entidade solicitante da actuación.

En, a de de 20....

O PRESIDENTE/A

(Sinatura)


DEPUTACIÓN DE LUGO
ANEXO X
ACEPTACION DAS ACTUACIÓNS CONCEDIDAS POLA DEPUTACIÓN DENTRO DO PROGRAMA MUSIQUEANDO 2017

Don/ dona, como presidente/a do grupo/ da banda de/ou da coral de (táchese o que non proceda)....., con DNI, declara que o seu grupo/banda ou coral de nome:

ACEPTO:

As actuacións concedidas pola Área de Cultura da Deputación de Lugo, dentro do Programa Musiqueando 2017, e que se relacionan a continuación:

DÍA	HORA	LUGAR	CONCELLO

En a de de 201....

O PRESIDENTE/A

(Sinatura)



DEPUTACIÓN DE LUGO

ANEXO XI

RENUNCIA DAS ACTUACIÓNS CONCEDIDAS POLA DEPUTACIÓN DENTRO DO PROGRAMA MUSIQUEANDO 2017

Don/ dona, como presidente/a do grupo/ da banda de/ou da coral de (táchese o que non proceda)....., con DNI, declara que o seu grupo/banda ou coral de nome:

RENUNCIO:

As actuacións concedidas pola Área de Cultura da Deputación de Lugo, dentro do Programa Musiqueando 2017, e que se relacionan a continuación:

DÍA	HORA	LUGAR	CONCELLO

En ade de 201.....

O PRESIDENTE/A

(Sinatura).

R. 0420

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS*Anuncio***INFORMACION PUBLICA**

Polo órgano competente desta Deputación foron tomados en consideración os proxectos das obras:

NEGUEIRA DE MUÑIZ.- REPARACIÓN DE OBRA DE DRENAXE TRANSVERSAL NO RIO CIMA DA PASADA. (EX001OB17AB).

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto.

Palacio Provincial de Lugo a 3 de febreiro de 2017. O PRESIDENTE, Darío Campos Conde. O SECRETARIO, Manuel Castiñeira Castiñeira.

O PRESIDENTE, P.D. Decreto nº 1357/2016, de data 01-07-2016.- O VICEPRESIDENTE, Álvaro Santos Ramos

R. 0421

CONCELLOS**GUITIRIZ***Anuncio*

MODIFICACION PUNTUAL DAS BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL AO AMPARO DO PROGRAMA DE EMPREGO 2016-2017 E NOVO PRAZO DE PRESENTACION DE INSTANCIAS.

O Concello de Guitiriz acordou na Xunta de Goberno Local extraordinaria de data 6/02/2017 a estimación parcial de tres recursos de reposición en canto á puntuación da fase de concurso, modificando a base 7.2 e 7.3 das Bases para a selección de persoal laboral temporal para distintos postos de traballo no marco do programa "Depuemprego 2016-2017", aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/12/2016 e publicadas no BOP de data 19/01/2017, que quedan redactadas do seguinte tenor literal:

"7.2. FASE DE CONCURSO (Puntuación máxima 6,5 puntos)**A) Experiencia profesional (puntuación máxima: 2 puntos)**

Por cada mes completo de servizos prestados en calquera administración pública mediante relación laboral ou funcionarial ou en empresa privada no posto de traballo ao que aspira: 0,10 puntos.

En caso de contratación a tempo parcial valoraranse os servizos prestados de forma proporcional.

Os méritos do apartado A) acreditaranse mediante informe de vida laboral acompañado de certificación dos servizos prestados (no caso de administracións públicas), ou de contratos de traballo (no caso de traballos en empresas privadas).

B) Formación (puntuación máxima: 2 puntos)

Valoraranse os títulos e cursos de formación e perfeccionamento recibidos relacionados coas funcións a desenvolver, impartidos por organismos ou institucións oficiais dependentes das administracións públicas ou homologados por estas.

Valorarase a seguinte formación relacionada co posto de traballo ao que aspira do seguinte xeito:

-Cursos de formación: 0,1 puntos por cada 10 horas lectivas de formación relacionada.

-Masters ou estudos superiores: 1 punto por cada 100 horas de formación relacionada.

Non se valorarán os cursos que non especifiquen o número de horas. Valoraranse en todo caso os cursos sobre prevencións de riscos laborais e seguridade e hixiene no traballo.

C) Coñecemento da lingua galega (puntuación máxima: 0,50 puntos)

- Celga 4, equivalente ou superior: 0,50 puntos.

- Celga 3 ou equivalente: 0,30 puntos.

- Celga 1 ou 2 ou equivalente: 0,10 puntos.

Só se valorará o curso de nivel superior.

D) Circunstancias persoais (puntuación máxima: 2 punto).

De acordo co esixido no Convenio de Colaboración asinado coa Deputación Provincial de Lugo que financia estas contratacións ao abeiro do programa DEPUEMPREGO, valoraranse as seguintes circunstancias de colectivos con especiais dificultades de inserción laboral:

-Parados de longa duración: 1 pto.

-Persoas con discapacidade: 1 pto.

-Vítimas de violencia de xénero: 1 pto.

-Familias monoparentais: 1 pto.

-Maiores de 45 anos: 0.5 ptos.

-Mulleres: 0.5 ptos.

Unha vez efectuada polo Tribunal a valoración dos méritos se publicará no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello a puntuación obtida na fase do concurso."

"7.3. PUNTUACION TOTAL

A puntuación total de cada aspirante no proceso selectivo virá determinada pola suma dos puntos acadados na fase de concurso e na fase de oposición, que será entre 0 e 16,50 puntos.

O Tribunal de Selección determinará a lista provisional de aprobados e a orden provisional dos integrantes de cada posto, que será publicada no Taboleiro de Edictos, na páxina web do Concello de Guitiriz, e na sede electrónica do Concello de Guitiriz (guitiriz.sedelectronica.gal) a efectos de posibles reclamacións durante un prazo de tres días, que serán resoltas polo Tribunal."

En consecuencia, ábrese un novo prazo de presentación de instancias de acordo co establecido nas bases da convocatoria, que será de 10 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación da modificación das bases no BOP de Lugo.

As solicitudes presentadas durante o prazo inicial de presentación instancias se consideran válidas, sen prexuízo de que durante o novo prazo de presentación de instancias os interesados poidan completar a súa solicitude con novos méritos.

Contra dito acordo, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán alegar o que estimen oportuno ou interpoñer os seguintes recursos:

-Con carácter potestativo recurso de reposición, no prazo dun mes, a partires do día seguinte ao da publicación no BOP de Lugo ante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, todo elo conforme ao establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

-Recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a partires do día seguinte ó da notificación do acto de resolución do recurso de reposición, se fose expreso, se fose presunto, o prazo será de seis meses a partires do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto. Sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente. O recurso contencioso-administrativo pódese interpoñer ante o Xulgado do Contencioso-administrativo, de acordo co artigo 8.1 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Guitiriz, 6 de febreiro de 2017.- A alcaldesa, Regina Polín Rodríguez

R. 0391

O INCIO

Anuncio

Mediante Decreto da Alcaldía de data 1/2/2017 aprobouse o padrón de contribuíntes da taxa pola prestación dos servizos de abastecemento de auga, recollida domiciliaria de residuos sólidos urbanos e canon autonómico de auga correspondente ao cuarto trimestre de 2016.

O importe total do padrón ascende a 42.008,68 €, sendo o período voluntario de cobro desde o 1/2/2017 ata o 31/3/2017 ámbolos dous inclusive, de conformidade co previsto nos arts. 12 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 62.3 da Lei Xeral Tributaria.

O resumo do Padrón é o seguinte:

Período	Auga	Lixo	Canon	IVE	Total
4º T 2016	15.267,23	20.071,30	5.143,28	1.526,87	42.008,68

Procédese á exposición pública de dito Padrón durante o prazo de quince días a partir da publicación do anuncio de cobro no Boletín Oficial da Provincia, durante o dito prazo o padrón estará a disposición dos interesados no Concello para que poidan examinalo e presentar cantas reclamacións estimen oportunas.

Contra o acto de aprobación do Padrón poderá interperse recurso de reposición ante a Alcaldesa no prazo dun mes a contar dende o seguinte ó da finalización do período de exposición pública do Padrón, de conformidade ó previsto no art. 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

O período voluntario de cobro fíxase desde o 1/2/2017 ata o 31/3/2017 ámbolos dous inclusive, de conformidade co previsto nos arts. 12 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 62.3 da Lei Xeral Tributaria. Finalizado este prazo pasarase ao seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no art. 28 da Lei 58/2003.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza, ten carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria

En O Incio, 6 de febrero de 2017.- A Alcaldesa, Laura Celeiro García

R. 0392

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Mediante Decreto da Alcaldía - Presidencia n.º 0011 / 2017, de data 03/02/2017, prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de xaneiro de 2017, de acordo co seguinte desglose:

- Libre concorrencia: 407,97 €
- Dependencia: 1.597,65 €

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 1 de febreiro de 2017 e o 20 de febreiro de 2017. Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iniciárase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora, en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso- administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

O que se anuncia e se fai público para xeral coñecemento do presente ANUNCIO que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no artigo 24 do Regulamento Xeral de Recadación e 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

En O Incio, 6 de febrero de 2017.- A Alcaldesa, Laura Celeiro García

R. 0393

LUGO

Anuncio

Exposición ao público

Por Decreto número 17000450, de data 19 de xaneiro de dous mil dezasete aprobouse o Padrón de sumministración de auga e IVA s/seu consumo, recollida de lixo, sumidoiros, aluguer de contador e canon de auga correspondente ao cuarto trimestre de 2016, que se expón ao público na Unidade de Augas, sito na Ronda da Muralla, 197, durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que dictou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza Fiscal Xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Lugo, 19 de xaneiro de 2017.- A ALCALDESA, P.D.O TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DE EDUCACIÓN E INFRAESTRUCTURAS URBANAS, Manuel Núñez López

R. 0394

OUROL

Anuncio

O Pleno do concello de Ouro en sesión extraordinaria celebrada o oito de febreiro de dous mil dezasete aprobou provisionalmente o Orzamento municipal para o exercicio 2017, as Bases de execución, o cadro de persoal, as fontes de financiamento e demais documentación que obra no expediente. En cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e demais disposicións concordantes, expónse ao público na Secretaría deste Concello, durante un prazo de quince días hábiles- que empezarán a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente edito no Boletín Oficial da Provincia-, coa finalidade de que durante o devandito prazo se poidan formular as reclamacións que se consideren pertinentes, e que deberán ir dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente desta Corporación.

Ouro, oito de febreiro de dous mil dezasete .- O Alcalde-Presidente, José Luis Pajón Camba

R. 0395

OUTEIRO DE REI

Anuncio

INICIO DE EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN

José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, fago saber que, con data de 1 de febreiro de 2017, iniciouse expediente de investigación para determinar a titularidade e existencia do camiño parcela 9006 do polígono 33 do catastro de rústica deste Concello de Outeiro de Rei.

De conformidade co disposto no artigo 50 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, os afectados polo expediente de investigación diporán dun prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o da presente publicación, para alegar canto estimen conviente en defensa dos seus dereitos ou intereses, debendo aportar perante o Concello, a tal fin, a totalidade da documentación representativa dos mesmos.

En Outeiro de Rei, 1 de febrero de 2017.- O Alcalde José Pardo Lombao

R. 0396

Anuncio

INICIO DE EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN

José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, fago saber que, con data de 1 de febreiro de 2017, iciose expediente de investigación para determinar a titularidade municipal da parcela 17 do polígono 92 deste termo municipal

De conformidade co disposto no artigo 50 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, os afectados polo expediente de investigación diporán dun prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o da presente publicación, para alegar canto estimen conviente en defensa dos seus dereitos ou intereses, debendo aportar perante o Concello, a tal fin, a totalidade da documentación representativa dos mesmos.

En Outeiro de Rei, 2 de febrero de 2017.- O Alcalde, José Pardo Lombao

R. 0397

PALAS DE REI

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA

Unha vez aprobados definitivamente por resolución desta Alcaldía nº 2017-0020, ditada o 23 de xaneiro, os padróns e listas cobratorias dos tributos locais Taxa pola prestación do servizo de saneamento e abastecemento de auga, recollida de lixo e canon da auga, referidos ao exercicio de 4º Trimestre do 2016, expóñense ao público no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos, por un prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio, co fin de que aqueles que se consideren interesados poidan formular todas as observacións, alegacións ou reclamacións que teñan por convenientes.

Contra o acto de aprobación dos devanditos padróns e/ou liquidacións contidas neles poderase interpor un recurso previo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública, de acordo co establecido no artigo 14 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49,7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Conforme o establecido no artigo 62.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ponse en coñecemento dos contribuíntes que se procederá ao cobramento en período voluntario do imposto do día 1 ao 28 de febreiro. O pagamentos farase efectivo nas entidades financeiras colaboradoras. Os recibos correspondentes a esta cobranza que figuren correctamente domiciliados enviaranse ás respectivas entidades de depósito para que sexan adebedados nas contas dos seus clientes.

Unha vez transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfaga a débeda, iniciarase o período executivo, de acordo co teor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de mora, así como a das recargas que correspondan e, se é o caso, das custas do procedemento de constrinximento. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Palas de Rei, 26 de xaneiro de 2017.- O alcalde-presidente, Pablo José Taboada Camoira

R. 0398

VIVEIRO

Anuncio

CORRECCIÓN DE ERROS

Advírtese erro detectado no número de equipos de impresión reflectidos na partida 2 do prego de prescricións técnicas do expediente de contratación denominado "Aluguer de equipos informáticos para o

Concello de Viveiro, mediante a modalidade de renting", con anuncio público de convocatoria de licitación neste Boletín, con núm. 31, do martes 7 de febreiro de 2017, donde figuran "7" equipos de impresión a adquirir, cando deben de figurar "9", constando o texto integro correxido desta redacción na sección deste expediente do perfil do contratante do Concello.

O que se fai público para xeral coñecemento de todos os interesados, indicando que esta corrección non alterará o prazo de licitación.

Viveiro, 9 de febreiro de 2017.- A ALCALDESA, María Loureiro García

R. 0442

XOVE
Anuncio

Faise público que con data 13 de setembro de 2016 formalizouse contrato de obra de REMODELACIÓN INTEGRAL DO CAMPO DE FÚTBOL DE ENTRENO MUNICIPAL, DE XOVE, o que se publica aos efectos do artigo 154 do RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

1.- Entidade Adxudicadora:

- a) Organismo: Concello de Xove.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría/Intervención
- c) Nº de expediente: OBR03/16
- d) Dirección de Internet do Perfil de Contratante: www.xove.es

2.- Obxecto do contrato:

- a) Tipo: Contrato administrativo de obra
- b) Descrición: Remodelación integral do campo de fútbol de entreno municipal de Xove
- c) CPV: 45212200-8 Traballos de construción de instalacións deportivas
- d) Medio de publicación do anuncio de licitación: Boletín Oficial da Provincia
- e) Data de publicación do anuncio de licitación: 12/07/2016

3.- Tramitación e procedemento:

- a) Tramitación: Urxente
- b) Procedemento: Aberto

4.- Orzamento base de licitación: Importe neto: 502.348,74 euros. IVE (21%): 105.493,24 euros. Importe total : 607.841,98 euros.

5.- Adxudicación:

- a) Data: 19 de agosto de 2016
- b) Contratista: Calfensa Proyectos, S.L.
- c) Importe: 425.000,00 euros. IVE (21%): 89.250,00 euros. Importe total: 514.250,00 euros.

Xove a 2 de febreiro de 2016.- O ALCALDE, J. Demetrio Salgueiro Rapa

R. 0399

MINISTERIO DE AGRICULTUA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO - COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

Expediente número: A/27/21173.

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas.

Peticionario: Félix Díaz Fernández.

Nombre del río o corriente: Manantial "Monte Redondo".

Caudal solicitado: 0,07 l/seg.

Punto de emplazamiento: Parcela 390 del polígono 12, Signada.

Término Municipal y Provincia: Navia de Suarna (Lugo).

Destino: Uso ganadero.

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS:

Arqueta de captación y conducción por manguera a depósito de 2000 L de capacidad desde el que se abastecerá la estabulación ganadera.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el Ayuntamiento de Navia de Suarna, o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 31 de enero de 2017.- EL TITULADO SUPERIOR DE GESTIÓN Y SERVICIOS COMUNES. Pedro Granda Rodríguez.

R. 0362
